

## EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE AGOSTO DE 2017

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de agosto deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.<sup>a</sup> ROSANA RIELO ROZAS e D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Técnico de Administración Xeral e Adxunto do Servizo de Urbanismo, don Justo Díaz Rodríguez, que actúa como Vicesecretario accidental, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### ÁREA DE GOBERNO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase outorgar as seguintes licenzas: para instalación de ascensor en edificio de vivendas, con licenza urbanística 416/66, sito na rúa Montirón, número 132; para cambio de uso de 8 locais de oficina a 6 vivendas, quedando o edificio coa licenza urbanística, número 569/05, composto por planta soto para garaxe e rochos, planta baixa para local sen uso definido e plantas altas para 19 vivendas, no carril do Xuízo, número 20; para reorganización das parcelas 87, 89 e 100, do polígono 168, sitas en Santiago de Saa; e para instalación de ascensor en edificio de vivendas, sito na rúa Dona Urraca, números 25-27.

Tamén se acorda a excepcionalidade do cumprimento das condicións do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade en Galicia, para a actuación de instalación de ascensor en edificación sita na rúa Armando Durán, número 50.

**2. PERSOAL.-** Acórdase autorizar ao persoal do Servizo de Extinción de Incendios á realización de servizos extraordinarios os días de partido do Club Deportivo Lugo no mes de setembro de 2017, e apróbase a súa forma de compensación.

Así mesmo acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios a levar a cabo durante os meses de setembro e outubro de 2017 polo persoal da Policía Local que forma parte das quendas rotatorias, Unidade Administrativa e xefatura, Patrulla Verde e enxeñeiro técnico industrial, e apróbase a súa forma de compensación.

### ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

1



**ACTAS E GOBERNO**

JDR/mbfc

Refª: 17extractoxg37

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-8-2017

**3. ACTAS E GOBERNO.-** Acórdase a adscrición de concelleiros/as do Grupo Municipal Popular en distintos órganos colexiados con representación municipal.

**ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONOMICO**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación da execución do programa de intervención e pedagóxico "Aprende Xogando", e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 3-2017.

Do mesmo xeito, acórdase a declaración de deserto do procedemento de licitación para a contratación da subministración de tarxetas cidadás para o Concello de Lugo (exp. ref. 10-2017), a tramitación dun novo procedemento e a apertura de novo prazo de licitación.

**Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, Miguel Fernández Méndez.**